

DECLARACIÓN MEDIOAMBIENTAL

2021

DA EMPRESA ARUMIA, S.L.



A Declaración Medioambiental é o documento de compromiso da empresa para unha adecuada xestión das actividades e da súa repercusión no Medio Ambiente. Foi elaborada segundo o Regulamento nº 1221/2009, do Parlamento Europeo e o Consello a 25 de novembro de 2009, que entrou en vigor o 11 de xaneiro de 2010 relativo á participación voluntaria das organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditorías medio ambientais, coñecido como EMAS III Nº Rexistro: ES-GA-000264, Regulamento 2017/1505 e Regulamento UE 2026/2018.

Esta declaración recolle os principios de acción a seguir en materia *medioambiental*, proporciona un marco de actuación que recolle obxectivos e metas, facilita e fomenta a participación do persoal da empresa, e é apropiada á natureza, á magnitude e ó impacto ambiental da actividade desenvolta.

A implantación dun sistema integrado de xestión ambiental reforza o compromiso coa Calidade e a Política Ambiental e, en concreto, co compromiso estrito do cumprimento coa lexislación vixente, coa prevención da contaminación e coa mellora continua.

Período: (01/01/21) - (31/12/21)

ÍNDICE

| | |
|---|----|
| 1. POLÍTICA DE CALIDADE E AMBIENTAL | 3 |
| 2. PRESENTACIÓN | 6 |
| 2.1. Descrición da Empresa | 6 |
| 2.2. Servizos e Actividades da Empresa | 7 |
| 2.3. Relación con outras organizacións | 7 |
| 2.4. Organización e Responsabilidades | 8 |
| 3. DESCRIPCIÓN DO S.X.M.A. DA COMPAÑÍA | 10 |
| 4. ASPECTOS AMBIENTAIS | 14 |
| 4.1. Directos e Indirectos | 14 |
| 4.2. Identificación dos Aspectos Ambientais | 15 |
| 4.3. Relación dos Aspectos cos Impactos Ambientais | 16 |
| 5. INDICADORES DE CONDUCTA DA ORGANIZACIÓN | 15 |
| 5.1. Eficacia Enerxética | 15 |
| 5.1.1. Consumo de Electricidade | 15 |
| 5.1.2. Consumo de Carburante | 19 |
| 5.1.3. Consumo Total Enerxía | 19 |
| 5.2. Consumo de materias | 20 |
| 5.2.1. Consumo de biocidas | 20 |
| 5.2.2. Consumo de CO ₂ | 22 |
| 5.3. Outros Consumos | 23 |
| 5.3.1. Consumo de auga | 23 |
| 5.3.2. Consumo de papel | 24 |
| 5.4. Xeración de Residuos | 26 |
| 5.4.1. Residuos Perigosos | 26 |
| 5.4.2. Residuos Urbanos | 30 |
| 5.5. Bio-diversidade | 34 |
| 5.6. O Ruído | 35 |
| 5.7. Inmisión de biocidas | 36 |
| 5.8. Emisións | 37 |
| 5.8.1. Emisións consumo electricidade | 37 |
| 5.8.2. Emisións consumo carburante | 38 |
| 5.8.3. Emisións CO ₂ do consumo de CO ₂ | 41 |
| 5.8.4. Emisións de SO ₂ , NO _x y PM | 42 |
| 5.9. O consumo de enerxía renovable | 43 |
| 6. OUTROS FACTORES DE CONDUCTA AMBIENTAL | 44 |
| 6.1. Inversións de mellora ambiental | 44 |
| 6.2. Información e Comunicación | 44 |
| 6.2.1 Persoa de contacto responsable | 44 |
| 6.2.2 Relación interna e Externa | 45 |
| 6.2.3 Formación | 46 |
| 7. CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS LEGAIS | 48 |
| 8. PROGRAMA DE OBXECTIVOS E METAS AMBIENTAIS | 49 |

1. POLÍTICA DE CALIDADE E AMBIENTAL

A calidade dos servizos ofrecidos e a aplicación de prácticas de xestión ambiental durante a execución dos procesos e do servizo final, son dous elementos que se consideran decisivos na planificación e xestión de ARUMIA. Dita xestión implica unha planificación, a asignación dos recursos necesarios, o establecemento de obxectivos e a avaliación da eficacia do sistema e debe abarcar a todos os ámbitos da organización de ARUMIA.

Por esta razón, a Dirección establece por escrito a súa Política de Calidade e Ambiental para as súas actividades enmarcadas na Sanidade Ambiental Control Integrado de Pragás.

- Deben determinarse, analizarse e satisfacerse as necesidades dos clientes. Mellorar continuamente o grado de satisfacción proporcionado ó cliente servizos conformes as súas necesidades e realizados de acordo ás boas prácticas de xestión ambiental, que aseguren o control e a prevención dos impactos á saúde e ambientais significativos, da nosa organización.
- Deben cumprirse os requisitos de calidade e ambientais e legais dos nosos clientes así como, os requisitos ambientais que a nosa empresa voluntariamente subscriba.
- A satisfacción dos nosos clientes debe ser conseguida mediante procesos claramente definidos e controlados, como medio para a identificación e xestión das oportunidades de mellora.
- Comprometémonos a optimizar os consumos de auga, enerxía incrementando a eficacia do seu uso, e a favorecer o uso de materiais e produtos que aseguren una maior protección ambiental.
- Comprometémonos a planificar as nosas actividades de tal xeito que preveñan a contaminación garantindo a mellora continua do noso comportamento ambiental así como ter un control sobre o impacto ambiental das actividades de Arumia.

- Comprometémonos a minimizar o impacto ambiental das nosas actividades, produtos aplicados e servizos facendo especial fincapé na xestión dos residuos, dándolles o destino final que cause un menor impacto sobre o medio ambiente.
- Comprometémonos a fomentar a colaboración de todo o persoal e dos nosos provedores na mellor xestión de calidade e medioambiental favorecendo as actividades de comunicación, difusión de prácticas de calidade e xestión medioambiental e formación.
- Comprometémonos a mellorar continuamente a eficacia do sistema.

Para cumprir as condicións mencionadas

- Dotarse á Empresa dos procesos para realizar todas as operacións relacionadas coa Calidade e a Xestión Ambiental, así como de ferramentas para o seu seguimento, medición e análise.
- Poténciase ó máximo a prevención, para evitar a aparición de fallos, así como accións correctivas.
- Analízanse as causas, cando se producen fallos, e evitar a súa repetición.
- Disporase de indicadores sistematizados, áxiles e seguros, que permitan o apoio, seguimento e mellora continua dos procesos.

Converter as condicións expostas na Política de Calidade e Ambiental nos seguintes obxectivos permanentes:

- Os procedementos deben cumprirse e mellorarse sempre que sexa posible, para que a empresa teña un "modo de facer" propio e eficaz, en materia de Calidade e Ambiental.
- Os incumprimentos dos requisitos indicados nas normas UNE-EN ISO 9001:2015 e UNE-EN ISO 14001:2015, EMAS III e a súa peor consecuencia, as reclamacións dos clientes, a xeración de impactos na saúde e ambientais e as posibles repercusións legais producen importantes incrementos nos custes da non- calidade: polo que hai que procurar eliminar as súas causas.

Estes tres obxectivos permanentes, como resume da Política de Calidade e Ambiental, son coñecidos e entendidos por todas as persoas da empresa, para elo:


A dirección, a través de todo o sistema de organización da empresa, ten o deber de facer comprender a implantación da Política de Calidade e Medio Ambiente.

- Os auditores de Calidade e Medio Ambiente teñen a misión de comprobar que dichos obxectivos, que sintetizan a Política de Calidade y Medio Ambiente, son coñecidos, comprendidos e aplicados por todo o persoal da empresa.

Es imprescindible o compromiso de todas as persoas de ARUMIA, S.L. para:

- Antepoñer, a calidade do servizo e a realización de actividades de acordo as boas prácticas de xestión de calidade e ambientais, a outras condicións. Conseguir o hábito de facer as cousas "ben á primeira" e responsabilizarse, cada un da calidade do seu traballo.

A Dirección solicita a colaboración e o compromiso de todos os empregados/as da organización, para que fagamos nosa esta Política de Calidade e Medio Ambiente.

| | |
|---|----------|
| APROBADO POR: DIRECCIÓN | |
| DATA: | 20/12/18 |
| SINATURA:  | |

2. PRESENTACIÓN

Arumia - Sanidade Ambiental Control Integrado de Pragas- é unha empresa que desde a súa fundación en 1.998, incluíu no seu propio nome o concepto "*integrado*". Este implica entender os tratamentos desde a *xestión integrada da praga*, unha actividade que avalía todo o entorno da área a tratar, que analiza os factores ambientais, que busca prevencións pasivas, garantindo como fundamental ó respecto ó Medio Ambiente.

Aínda así, as actividades de Arumia poden ter repercusións sobre o Medio Ambiente, e como empresa comprometida coa súa protección, quere chegar a desenvolverlas cós mínimos efectos ambientais, dentro dun marco de mellora continua e de transparencia informativa. Emprégase un Sistema de Xestión Ambiental polo recoñecemento público como o instrumento máis idóneo que se lle recoñece para chegar a estes obxectivos.

2.1. Descrición da Empresa.

A sede de Arumia está situada no Polígono Industrial de Agrela, na R/Camiño de Agrela ó Martinete, Nave nº 3 -A Coruña 15008.

A sede é unha nave industrial de estrutura *porticada* de formigón con cerramento de bloque. É de forma rectangular, dispón dunha pequena entreplanta e segundo piso de acceso independente con licenza de actividade nº 93/07. A superficie construída é dun 306,65 m² e está nun polígono industrial tendo un menor impacto ambiental con outros 100 m² de área verde.

No almacén están as ferramentas, a maquinaria e os produtos para a prestación dos servizos.

2.2. Servizos e Actividades da Empresa.

Arumia S.L., con Nº de Rexistro de Establecementos e Servizos Biocidas co número de rexistro **0022-GAL-SCO** na Consellería de Sanidade e no Rexistro de Establecementos e Servizos Plaguicidas na Consellería de Medio Rural co número **C-0095-S**, presta os seguintes servizos:

- Desratización- Desinfección- Desinsectación na Industria Alimentaria.
- Elaboración de APPCC.
- Desratización- Desinfección- Desinsectación Ambiental.
- Tratamentos de Prevención e Control da *Legionella*.
- Control de Aves.
- Tratamentos da Madeira.
- Neutralización de Olores.
- Hixienización de Condutos.
- Tratamentos Fitosanitarios.
- Venta de produtos.

2.3. Relación con outras organizacións.

Á empresa é membro de **ANECPLA** (Asociación Nacional de Empresas de Control de Plagas) rede de información, de formación e divulgación do sector e asesoramento. Tamén é socia de **ANEPROMA**

A empresa tamén pertence á **Asociación de Empresarios de Agrela**, asociación das empresas situadas no Polígono Industrial de Agrela, esta ofrece formación, inclúe temas ambientais, concerta convenios có Concello para a xestión dos residuos no Polígono, informa sobre lexislación e está aberta a propostas emanadas desde as empresas asociadas e ten función divulgativa a través da súa revista.

Foro Henrique Peinador, foro que xorde co obxectivo de incentivar o diálogo entre a economía e a galegidade.

Socia do **Museo do Pobo Galego**.

2.4. Organización e Responsabilidades.

DIRECCIÓN

A Dirección - Máxima Autoridade do Sistema Xestión Integrado de Calidade e Ambiental e de E.M.A.S. Responsable de revisar, aprobar e asinar a Política e a Declaración Ambiental.

RESPONSABLE AMBIENTAL

Persoa designada pola Dirección, actuará por delegación desta para:

Asegurar que os requisitos Ambientais estean ó día e de acordo ás normas, de informar do funcionamento do sistema á Dirección para revisar e para a mellora continua do Sistema e é Responsable de Control e Arquivo da documentación.

RESPONSABLE DE CALIDADE

Persoa designada pola Dirección, actuará por delegación desta para:


Asegurar que os requisitos de Calidade estean ó día e de acordo ás normas, de informar do funcionamento do sistema á Dirección para revisar e para a mellora continua do S.X.C. e é Responsable de Control e Arquivo da documentación.

O PERSOAL DE TODOS OS DEPARTAMENTOS DE ARUMIA, S.L.

Responsables de actuar dentro da empresa seguindo o establecido polo Sistema. As responsabilidades de todo o persoal da empresa, quedan definidas a través dos Procedementos e Instrucións de Traballo e dos rexistros.

(Ver Organigrama páx. seguinte)

ORGANIGRAMA ARUMIA



3. DESCRIPCIÓN DO S.X.A. DA COMPAÑÍA

O Sistema de Xestión Ambiental (S.X.A.) de Arumia é o compoñente ambiental do sistema xeral de xestión. Esta deseñado para cumprir cós requisitos do Regulamento (CEE) 1221/2009, y da Norma Internacional UNE-EN ISO 14.001 e EMAS III.

Obxectivos do S.X.A.:

- O obxectivo principal da implantación do S.X.A. é aplicar a Política Ambiental da empresa e a mellora continua do comportamento ambiental.

O Sistema de Xestión Ambiental esta formado por:

1. A documentación. (Manual de Xestión, Procedementos, I.T.'s (Instrucións técnicas), Rexistros, a Política e a Declaración Medioambiental).
2. A estrutura organizativa.
3. O persoal.




A implantación do S.X.A. en Arumia:

En primeiro lugar, procedeuse á realización dunha **Avaliación Inicial Ambiental das actividades** da empresa e da nosa sede en interacción có Medio Ambiente.

De acordo cós resultados obtidos, a Dirección determinou os **Obxectivos Xerais** e os **principios de acción** con respecto ó Medio Ambiente, aprobado na Política Medio Ambiental.

A continuación, determináronse uns **Obxectivos medio ambientais**, desenvoltos nunha serie de **metas concretas**. Estes obxectivos foron cuantificados. Ademais, determinouse a responsabilidade do seu cumprimento, as accións necesarias para elo e o calendario de actuación.

Realizouse a documentación do S.X.A e C. en base a:

-  Un Manual Integrado de Calidade e Medio Ambiental que estrutura o S.X.M.A. e serve como referencia permanente para o mantemento do sistema.
-  Uns Procedementos e Instrucións de Traballo, que establecen por escrito cales son as practicas ambientais que teñen que levar a cabo na empresa, e de quen é a responsabilidade de facelo.
-  Uns Rexistros que son documentos onde queda constancia das accións que están reguladas polos procedementos e as instrucións de traballo.

Cando o contido dos Procedementos, das Instrucións de Traballo, e o Programa Medio Ambiental, estiveron aprobados, planificouse un calendario de implantación para realizar posteriormente unha Auditoría interna do S.X.A., e esta periodicidade de revisión do sistema mantense anualmente para garantir:

O cumprimento da normativa ambiental, os requisitos do Regulamento E.M.A.S. e outros requisitos.

Que o S.X.A. é efectivo para chegar ós obxectivos e ás metas establecidas e implántase de maneira efectiva.

A continuación, elaborárase un Informe do resultado da Auditoría á Dirección da empresa, para informar á mesma, do desenvolvemento do sistema e poder tomar as decisións oportunas sobre a posible modificación da Política Medio Ambiental da empresa e sobre outras decisións relativas ó mesmo.

Paralelamente, realízase esta Declaración Ambiental para a súa validación por parte da Entidade certificadora acreditada. Para que sexa avaliada.

-O funcionamento o S.X.A. de Arumia.

O sistema de xestión ambiental de Arumia, permite identificar na empresa de maneira continua, aquelas actividades que teñen un efecto sobre o Medio Ambiente.

Con esta información, a Dirección da empresa:

Revisa cada ano a Política Ambiental para, en caso necesario, modificala, crear novos obxectivos e metas que permitan a mellora continua en relación có Medio Ambiente.

Outra vantaxe do S.X.A. Integrado ó Sistema de Calidade, é que introduce a xestión ambiental no conxunto dos mecanismos de xestión da empresa, elemento que consegue un efecto máis amplo e sólido sobre o bo comportamento ambiental.

Finalmente, o S.X.A. ten o propósito de que todo o persoal interiorice a repercusión do seu traballo sobre o medio ambiente, conseguindo con elo que se opere cunha actitude responsable cara o Medio Ambiente, evitando prácticas profesionais que teñan efectos ambientais negativos, e que melloren a súa actitude ambiental na mesma medida no seu ámbito privado.

4.- ASPECTOS AMBIENTAIS

4.1. Directos e Indirectos:

Primeiro identificáronse os Aspectos Ambientais, tanto os aspectos directos como os indirectos, para seren avaliados en todas e cada unha das actividades e en todas as actividades xuntas tanto en condicións normais, anormais coma de emerxencia.

Establecéronse as correspondentes escalas de valoración para obter resultados comparables ó longo do tempo. Destes criterios de valoración, determínanse os **aspectos ambientais significativos** que resultaron ser a Xeración de Residuos Perigosos no total das prestacións de servizos en situación normal.

Os **Obxectivos Ambientais** céntranse en actuar sobre os Aspectos Ambientais Significativos e no control operacional para todos os Aspectos Identificados.

4.2. Identificación dos Aspectos Ambientais

-Xeración de Residuos:

RESIDUOS DE PRAGUICIDAS

-Residuos de Agricultura (02)

1. Agroquímicos (020108) **A.Q Aspecto Directo**
2. Absorbentes (150202) **A.B Aspecto Directo**

-Residuos de Envases (15)

3. Envases Baleiros (150110) **E.B Aspecto Directo**

-RESIDUOS: (20)

4. Papel e Cartón (200101) **P/C Aspecto Directo**
5. Plástico (200139) **PL- Aspecto Directo**
6. Tubos fluorescentes (200121) **FI Aspecto Directo**
7. Aceite (200126) **Ac Aspecto Directo**
8. Equipos eléctricos e electrónicos desbotados(200135) **E.E.E. Aspecto Directo**

-RESIDUOS NON ESPECIFICADOS NOUTROS CAPÍTULO: (16)

9. Vehículos ó final da vida útil (160104) **V.F.V. Aspecto Indirecto**
10. Pneumáticos fóra de vida útil (160103) **Pn.F.V Aspecto Indirecto**
11. Filtros de aceite (160107) **F.A. Aspecto Indirecto**
12. Líquidos de freos (160113) **L.F Aspecto Indirecto**
13. Pilas (160603) **P. Aspecto Directo**
14. Baterías de móbiles. **B. Aspecto Directo**
15. Maquinaria o final da vida útil. (160214) **M.F.V.U. Aspecto Directo**
16. Cartuchos tinta de impresión (080312) **C.T. Aspecto Directo**

-Xeración de Augas Residuais 17. A.R Aspecto Directo

-Residuos orgánicos 18. R.O. Aspecto Directo

-Emisión:

-Emisións á Atmosfera:

19. Emisión de carburante **E.C. Aspecto Directo**
20. Ruído (xerado polas máquinas) **R. Aspecto Directo**

-Consumos:

21. Auga **A. Aspecto Directo**
22. Carburante **C. Aspecto Directo**
23. Electricidade **E. Aspecto Directo**

-Outros Aspectos:

24. Placas Petri e Rodac **PPR Aspecto Indirecto**
25. Analíticas Auga **AA Aspecto Indirecto**
26. Baleirado de auga Trat Control Legionella **B.A Aspecto Indirecto**

Responsable: Resp. Ambiental
Data: 19/04/13
Revisado: 05/04/16



4.3 Relación dos Aspectos cos Impactos Ambientais

| ACTIVIDADES E ASPECTOS AMBIENTAIS XERADOS | FASE DO CICLO DA ACTIVIDADE | CARÁCTER DO IMPACTO MEDIOAMBIENTAL |
|--|-----------------------------|---|
| Compra de mercancías con envoltorios (papel, cartón, plásticos) | Adquisición- Compra | Escaséanse os Recursos Non renovables Redución da biodiversidade Qumentamento da Terra e contaminación da auga Xeración de Residuos |
| Prestación do servizo Residuos perigoso (envases baleiros e agroquímico e absorbentes) | Prestación do Servizo | Escaséanse os Recursos Non renovables Redución da biodiversidade Contaminación da auga e da terra Xeración de Residuos perigosos Contaminación á Atmosfera Qumentamento da Terra |
| Uso de transporte Consumo de Carburante Emisión de CO₂ Aspectos indirectos: Vehículos o final da vida útil, pneumáticos fóra de vida útil, filtros de aceite, líquidos de freos. | Prestación do Servizo | Xeración de Residuos Escaséase as reservas petrolíferas. Contaminación á Atmosfera Qumentamento da Terra |
| Operacións ofimáticas con consumo de enerxía, papel e equipos de ofimáticos. Equipos eléctricos e electrónicos desbotados, cartuchos tinta de impresión, consumo de electricidade | Comercialización do servizo | Qumentamento da Terra e xeración de residuos, contaminación atmosférica local, escaséase as reservas petrolíferas. |
| Xeración doutros residuos: Tubos fluorescentes, pilas, baterías de móbiles, maquinaria ó final da v.u. | Todas as actividades | Qumentamento da Terra Contaminación da terra e auga. Non é un recurso renovable |
| placas petri e rodac, analíticas de auga, baleirado de auga nos tratamentos de control da legionella | Prestación do Servizo | Qumentamento da Terra Contaminación da terra e auga. Consumo de auga |
| Xeración augas residuais, residuos orgánicos | Actividade da oficina | Contaminación da auga, atmosfera |
| Ruído (xerado polas máquinas) | Prestación de servizo | Contaminación á Atmosfera Molestia do propio ruído |
| Consumo de auga | Todas as actividades | Escasean os Recursos Non renovables |

5. INDICADORES DE CONDUCTA DA ORGANIZACIÓN

Cada un dos indicadores básicos está composto dunha cifra A, que indica o impacto/consumo total anual no campo considerado, e unha cifra B, que neste caso, indica o volume de traballo expresado en número de servizos (por considerarse o indicador máis obxectivo), e unha cifra X, que indica a relación A/B.

5.1. Eficacia Enerxética.

5.1.1. Consumo de Electricidade:

O contrato coa empresa subministradora ata outubro do 2009, era dunha potencia de 3,45 kw, unha potencia baixa para as necesidades da empresa, e partires desa data a **potencia contratada pasou a ser de 9,20 kw** .

Os datos de anos anteriores recollidos nas anteriores Declaracións.

No ano 2019 o consumo total anual da electricidade é de 8118 Kw·h fronte os 8777 Kw·h do ano 2018 o que é unha redución do 7,50%. O consumo de 8118 Kw·h deste ano 2019 é o consumo máis baixo desde 2016. A implantación de sistemas de *calefacción* de baixo consumo nas oficinas fronte o uso de estufas eléctricas son a fonte de redución do consumo eléctrico da empresa, xa que incremento á par o número de servizos en cámara sam do ano 2018 un total de 239 e no ano 2019 o número de servizos en cámara sam é de 263 un incremento do 10,04%.


No ano 2020 o consumo total anual da electricidade é de 7435,82 Kw·h fronte os 8118 Kw·h do ano 2019 o que é unha redución do 8,40%. O consumo de 7435,82 Kw·h é o número de servizos en cámara é de 279 no ano 2020, fronte os 239 servizos en cámara , dáse un incremento de servizos do 16,74%.

No ano 2021 o consumo total anual da electricidade é de 7280 Kw·h fronte os 7435,82 do ano 2020 o que é unha redución de 2,09%. O número de servizos en cámara para eliminación de xilófagos (servizo que consume a maior proporción de electricidade na nave de Arumia) no ano 2021 foi de 350 fronte os 279 do ano 2020 tivo un incremento de 25,45%.

| Ano | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| Kw·h | 8777 | 8118 | 7435,82 | 7280 |
| MW·h | 8,777 | 8,118 | 7,43582 | 7,280 |
| Gj | 31,59 | 29,22 | 26,77 | 26,21 |
| Nº Servizos | 3075 | 3110 | 3323 | 3415 |
| Kw·h/nº serv | 2,85 | 2,61 | 2,24 | 2,13 |

Nota: A mellora establecerase na diminución dos Kw·h consumidos en relación ós servizos anuais prestados.

Fonte: facturas da empresa subministradora.



A Táboa recolle os datos Kw·h consumidos en relación ós servizos anuais, por manter visión conserva datos desde 2017. Os datos de anos anteriores recollidos nas Declaracións anteriores.

5.1.2. Consumo de Carburante:

O carburante emprégase para o funcionamento dos vehículos tanto para o Dep. Técnico como para o Dep. Comercial, tamén se emprega unha parte ínfima para varias máquinas representando unha parte non significativa do total consumido.

Entre 2007-2018 os datos dos consumos están recollidos nas Declaracións anteriores.

O consumo de carburante está baixo un índice de **control operacional** fundamentado na optimización dos recorridos nas programacións das prestacións dos servizos e na aplicación das boas prácticas na condución e na conservación dos propios vehículos que levaron a unha clara mellora no comportamento do consumo de carburante. O incremento dos servizos dun dos nosos cliente que ten varias sedes e están dispersas polo territorio son a causa deste incremento do consumo de carburante.

No ano 2019 o consumo de carburante foi de 10.780,74 litros, o que representa unha redución do 0,256% pero se facemos a comparación cos datos de litros de carburante consumidos entre nº de servizos anuais 2019 e comparamos os resultados de litros/ servizos anuais o resultado é unha redución do 1,42%

No ano 2020 o consumo de carburante foi de 10.988,88 litros, o que representa un incremento 1.93%% pero se facemos a comparación cos datos de litros de carburante consumidos entre nº de servizos anuais 2020 fronte ao resultado do 2019 dá unha redución do 4,34%.

No ano **2021** o consumo de carburante foi de 10.391,46 litros que dividido entre o nº de servizos ano, obtemos un valor de 3,04 litros/servizo, é unha redución do 8.16% fronte os 3,31 l/s do ano 2020.



| Ano | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|-----------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| Litros | 9.022,06 | 10.808,51 | 10780,74 | 10988,88 | 10391,46 |
| MW·h | 101,89 | 122,06 | 121,75 | 124,10 | 117,36 |
| Gj | 366,804 | 439,416 | 438,300 | 446,778 | 422,496 |
| Nº Serv. | 3056 | 3075 | 3110 | 3323 | 3415 |
| l./serv. | 2,95 | 3,51 | 3,46 | 3,31 | 3,04 |

Nota: O control ou a mellora establecerase na diminución ou mantemento dos litros consumidos en relación os servizos prestados.

Fonte: facturas da empresa subministradora.

Valor Factor de Conversión: Litros a MW·h divididos entre 1,144 e x 12,920.

Nota: MW·h a Gj – Convertidor on line.



Na gráfica da esquerda podemos observar os consumos anuais de carburante e na dea dereita o consumo de carburante en litros en relación ó número de servizos prestados.

No ano **2021** o consumo de **gas**¹ das furgonetas híbridas foi de 2.967,83 litros anuais.

| Ano | 2021 | 2022 | |
|---------------------|------------|------|--|
| Litros | 2.967,83 | | |
| Kg. CO ₂ | 494.143,69 | | |
| Nº Serv. | 3415 | | |

¹ 1 litro de gas equivale a 1.665 gr de CO₂ emitido

5.1.3. Consumo Total de Enerxía:

O consumo en Gj anuais totais de carburante e electricidade se recollen na seguinte táboa:


| Ano | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|--------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|----------------|
| Gj –Carburante | 366,804 | 439,416 | 438,300 | 446,77 | 422,496 |
| Gj – Electricidade | 29,64 | 31,59 | 29,22 | 26,77 | 26,21 |
| Totais anuais | 396,44 | 471,006 | 467,52 | 473,54 | 448,71 |
| Nº Serv. | 3056 | 3075 | 3110 | 3323 | 3415 |
| Gj/serv. | 0,1297 | 0,1531 | 0,1503 | 0,1425 | 0,1313 |

Entre 2007-2018 os datos dos consumos están recollidos nas Declaracións anteriores.

No ano 2019 o consumo total de enerxía de é de 467,52 Gj que o dividilos entre o número de servizos do ano 2019 o resultado é de 0,1503 Gj/servizo fronte os 0,1531 Gj do ano 2018. Ambos consumos electricidade e carburante dáse unha redución que comparada co resultado do ano 2019 é de 1,828%.

No ano 2020 o consumo total de enerxía foi de 473,54 Gj que o dividilos entre o número de servizos do ano 2020 o resultado é de 0,1425 Gj/servizo fronte os 0,1503 Gj/servizo do ano 2019 é unha redución do 5,19%. Outro factor importante é que no ano 2020 engadimos unha furgoneta máis a flota de vehículos.

No ano 2021 o consumo total de enerxía de é de 448,71Gj que divididos entre o nº de servizos do ano 2021 obtemos un 0,1313 Gj/servizo; en comparación aos 0,1425 Gj/servizo do ano 2020 obtemos unha redución do 7,86%.



Fonte: facturas das empresas subministradoras.

5.2. Consumo de Materias Primas

5.2.1. Consumo de Biocidas.

O consumo das materias primas para as actividades da empresa de Sanidade Ambiental Control Integrado de Pragas son os biocidas (rodenticidas, insecticidas, desinfectantes, produtos para tratamentos de legionella² e produtos para tratamentos da madeira) **están baixo un control operacional implantado a partir de EMAS III desde 2011.**

Os datos anteriores a 2018, están recollidos e analizados nas Declaracións anteriores.

No ano 2019 o consumo total de biocidas foi de 1,04 Tn que representa unha redución do na compra de biocidas do 20%. O emprego de sistemas de control de vectores con produtos de calidade atraentes fronte repelentes, con doses dos fabricantes de menores cantidades, sistemas alternativos de control de vectores ós biocidas e outros medios aplicados permiten esta redución no consumo de biocidas.

No ano 2020 o consumo total de biocidas é de 2,26 Tn que representan un incremento no consumo de biocidas 117,30% fronte o ano 2019.


No ano 2021 o consumo total de biocidas é de 2,73 Tn que divididos entre o nº de servizos do ano 2021 obtemos un resultado de 0,0000798 que en comparación co consumo de biocidas do ano 2020 dividido polo nº de servizos obtíñamos 0,0000671 que en comparación co resultado obtido do ano 2021 representa un incremento do 19,10%

| Ano | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|-------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Tn biocidas | 1,30302 | 1,03964 | 2,22655 | 2,72621 |
| Nº Servizos | 3075 | 3110 | 3323 | 3415 |
| Tn/nº serv anuais | 0,0000423 | 0,0000334 | 0,0000670 | 0,0000798 |

Nota: O control ou a mellora establecerase na diminución ou mantemento dos os en relación os servizos prestados.

Fonte: facturas das empresas provedoras.

² Engadimos os produtos para tratamento de prevención legionella en sistemas de Auga de Consumo Humano sen estar no Rexistro de Biocidas clasificados, están regulados polo R.D. 140/03; tal e como recolle o R.D. 865/03.



A gráfica recolle os consumos anuais de biocidas en toneladas.

5.2.2. Consumo de Dióxido de Carbono adquirido en formatos botellas:

Non empregamos dióxido de carbono desde xaneiro 2019

5.3 Outros consumos

5.3.1. Consumo de Auga.

Os datos dos consumos anuais obtéñense das facturas de EMACSA que é a empresa que dá subministro de auga á sede de Arumia, única fonte do consumo de auga. A auga utilízase para o aseo e para a limpeza das oficinas.

O consumo de auga está baixo o **control operacional**, a través das boas prácticas de consumo e accións *proactivas* desde fai moitos anos. Os datos de anos anteriores recollidos nas anteriores Declaracións.

No ano 2017 o consumo total anual de auga foi de 21 m³ entre os servizos prestados no ano 2017 de 3056 servizos dá un resultado de 0,006871 m³/servizo, obtemos unha redución do 35,06% no consumo auga /servizo ano en comparación ó ano anterior. O consumo anual reduciuse de 31 a 21 m³ non houbo avarías, reduciuse de a cantidade de auga consumida en cada cisterna xa que de un bote de 200 ml. pasamos a un bote de ½ litro no interior da cisterna reducindo a cantidade de auga como se pode apreciar no resultado.

No ano 2018 o consumo total anual de auga é de 46 m³ un incremento do 119.04 % en comparación os datos de 2017. Unha mellora para a limpeza dos equipos de aplicación, as furgonetas e outros elementos, a instalación dun punto de auga na nave, implicou un incremento directo da xestión de recursos materiais no consumo de auga.



No ano 2019 o consumo total anual de auga é de 24 m³ fronte os 46 m³ do ano 2018, unha redución do 47.82 % do que se observa que o consumo do ano 2018 foi significativamente alto, sen ter concluído causa.

No ano 2020 o consumo total anual de auga é de 45 m³ fronte os 24 m³ do ano 2019, un incremento de 87.5% sen podernos explicar a causa.

No ano 2021 o consumo total anual de auga é de 34 m³ fronte os 45 m³ do ano 2020, que é unha redución de 32,35%.

| Ano | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|---------------------------|---------|--------|--------|--------|--------|
| m ³ | 21 | 46 | 24 | 45 | 34 |
| Nº Servicios | 3056 | 3075 | 3110 | 3323 | 3415 |
| m ³ / Servicio | 0,00687 | 0,0149 | 0,0077 | 0,0135 | 0,0099 |

Nota: A mellora establecerase na diminución dos m³ consumidos en relación ós servizos prestados.
 Fonte: facturas de EMACSA.



A gráfica da esquerda que recolle o consumo total anual en m³ e a gráfica da esquerda os consumos anuais entre servizos realizados ano.

5.3.2. Consumo de Papel.

O consumo de papel afecta a todos os Departamentos e está no sistema de cálculo vinculado ó nº de servizos prestados. Os datos entre 2009-2016 están recollidos nas anteriores Declaracións publicadas, así como no Obxectivo de redución do consumo de papel.

Nos anos 2010-11 realizamos a implantación do obxectivo para a redución no consumo e a redución de no impacto ambiental pasamos a consumir papel certificando o uso do **papel con cadea de custodia** e a implantación de **bos hábitos no uso do papel**. O obxectivo pretende reducir o consumo do papel, imprimir a dobre cara, cambio de hábitos e incrementar de xeito paulatino o consumo de papel reciclado con Cadea de Custodia e **ecolóxico 100%** máis respectuoso co medio ambiente.

Os soportes en papel certificado fabricado a partir de materia prima provinte de explotacións forestais sostibles son os denominados Papel con Cadea de Custodia. As dúas característica distintivas do papel reciclado e ecolóxico 100% son que na súa fabricación emprégase como materia prima papel usado polo consumidor coa garantía dun proceso limpo na fabricación no que non se empregaron axentes químicos que branquea a pasta de papel, especialmente nocivos para o medio ambiente.

No ano 2017, realizamos unha grande compra por unha promoción, 20 paquetes de papel con cadea de custodia e 30 paquetes de papel ecolóxico 100%, conseguindo así o obxectivo de superar o 50% nas compra de papel. Esta compra non se consumiu no ano 2017, queda un stock de 20 paquetes para 2018. Consumidos foron 30 paquetes no 2017 e aplicando boas prácticas de reutilización e impresións do imprescindible e a dobre cara.

No ano 2018 mantense como hábito da compra a principio de ano do papel nas proporcións implantadas, aínda que a un prazo doutro ano poderemos verificar que a implantación do programa informático para a xestión é unha alternativa real para a redución do consumo de papel.


No ano 2019 mantemos o hábito da compra do papel nas proporcións implantadas, aínda que dos 30 paquetes de 500 folios anuais que se adquiriran en anos anteriores pasamos a 20 paquetes no ano 2019. A redución é de 87.62%.

No ano 2020 en febreiro se compran 2 caixas de 5 unid cada unha, un total de 10 paquetes de 500 folios de 80 gr todo reciclado e eco, pero a finais de ano aínda temos 4 paquetes sen empregar serán para consumir no ano 2021.

No ano 2021 en setembro se compran 3 caixas de 5 unid cada unha, un total de 15 paquetes de 500 folios de 80 gr todo reciclado e eco, pero a finais de ano aínda temos 12 paquetes sen empregar serán para consumir no ano 2022; Así pois, consumidos no ano 2021 foron os 4 paquetes que había en stock da compra de 2020 e os 3 paquetes.

| Ano | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|------------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Paquetes (500 folios) | 30 | 30 | 20 | 6 | 7 |
| Nº Servizos prestados | 3056 | 3075 | 3110 | 3323 | 3415 |
| Paquetes d papel/Serv. | 0,0098 | 0,0097 | 0,0064 | 0,0018 | 0,0020 |
| Tn. X 10 ⁴ Papel /Serv. | 0,2454 | 0,2439 | 0,1608 | 0,0451 | |

Nota: A mellora establecerase na diminución dos paquetes consumidos en proporción ós servizos realizados. Papel de 80gr./m² lo que significa que cada folio A4 pesa 5 gr.
Fonte: facturas da empresa subministradora.



5.4. Xeración de Residuos.

Todos os residuos xerados nas diferentes actividades da empresa son segregados e acumulados por afinidade, para facilitar a súa xestión posterior por parte de terceiros, buscando a súa reciclaxe.

5.4.1. Residuos Perigosos

A orixe dos **residuos perigosos**, xurde da propia prestación dos servizos coma da Xestión de RR.MM, formados por dous tipos de residuos: agroquímicos e envases baleiros. Tras anos con obxectivo de redución de xeración de residuos perigosos no ano 2018 alcanzamos un punto de xeración do que xa non podemos reducir. Quedando baixo un control Operación.

Arumia está no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia como pequena produtora de residuos co nº CO-RP-P-PP-00452 ante o "Sistema de Información de Residuos de Galicia" SIRGa, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Estes residuos perigosos xestiónanse a través dunha empresa homologada pola Xunta.

Os **residuos agroquímicos (020108)** e os **residuos absorbentes (150202)** son mesturados polas empresas xestoras de residuos, na política interna de Arumia segregáronse durante anos ata eliminar na actualidade este subgrupo de residuo perigoso.

Os agroquímicos depositábanse nun recipiente de 85 litros e os absorbentes nun recipiente de 17 litros, o que representa exactamente unha proporción do 80% e 20%. Observamos os valores Kg/ano en relación ó incremento da actividade da empresa, por este motivo relacionamos os valores totais cos número de servizos/ano. Contrastados cos datos facturas rexistros de tramitación dos residuos..

No ano 2015, desde o 14/04/15 a Resp Ambiental solicitou a **ampliación do prazo para a xestión dos residuos perigosos a anual**, tras uns trámites extensos a 22/07/15 a Delegación Territorial de A Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas Servizos de Calidade e Avaliación Ambiental outorga a ampliación a anual, así será xestionada no vindeiro Xullo do 2016.

No ano 2017, a entrega dos residuos á empresa xestora homologada foi o 23.06.17, cumprindo a periodicidade anual, os resultados exactos noos entrega esta empresa xa que dispoñen das básculas necesarias, datos recollidos na documentación oficial de notificación do transporte á Xunta e na factura.

Os residuos agroquímicos son o total de agroquímicos + absorbentes

Os dous tipos de residuos que na área de almacenamento segregamos 80% agroquímicos puros e 20% absorbentes, a empresa xestora os mestura porque cobra o mesmo importe por ambos tipos de residuos. Tras realizar as estimacións o resultado é de 125Kg de residuos agroquímicos xerados pero queremos obter os resultados segregados entre *agroquímicos puros e absorbentes (80% agroquímicos + 20% absorbentes) aplicando estas proporcións resulta 100Kg de agroquímicos puros, que divididos polo nº de servizos obtemos un resultado de 0,032Kg/serv. A comparativa deste resultado có obtido no ano 2016 é dun incremento do 247,87%.*

No ano 2018 Os dous tipos de residuos que na área de almacenamento segregamos 80% agroquímicos puros e 20% absorbentes, a empresa xestora os mestura porque cobra o mesmo importe por ambos tipos de residuos. O total de agroquímicos xestionados no ano 2018 son 239 Kg (o 80% é 191,2 Kg e o 20% restante son absorbentes 47,8Kg), o incremento de servizos de desratización en termos municipais incrementa directamente a xeración de residuos agroquímicos.

No ano 2019 Os dous tipos de residuos que na área de almacenamento segregamos 80% agroquímicos puros e 20% absorbentes, a empresa xestora os mestura porque cobra o mesmo importe por ambos tipos de residuos. O total de agroquímicos xestionados no ano 2019 son 107 Kg +61 kg Total 168 Kg de agroquímicos (o 80% é 134,4 Kg e o 20% restante son absorbentes 33,6 Kg) en comparación co resultado do ano 2018 obtemos un 30.43% redución en agroquímicos e de envases baleiros un 30,32%.

No ano 2020 Os dous tipos de residuos que na área de almacenamento segregamos 80% agroquímicos puros e 20% absorbentes, a empresa xestora os mestura porque cobra o mesmo importe por ambos tipos de residuos. O total de agroquímicos xestionados estimados no ano 2020 son 80 Kg +100 kg Total 180 Kg de agroquímicos (houbo un incremento na xeración de absorbentes polo COVID 19 xeramos máis epis contaminados) en comparación co resultado do ano 2019 obtemos un 30.35% redución en agroquímicos e de envases baleiros un incremento do 122,22%.

No ano 2021, Os dous tipos de residuos, segregamos 80% agroquímicos puros e 20% absorbentes, a empresa xestora os mestura porque cobra o mesmo importe por ambos tipos de residuos. O total de agroquímicos xestionados foron 186 Kg segundo factura de Acteco 31.03.21. En comparación ao dato de 100Kg no ano 2020 dáse un incremento de 48,80%. Nos envases baleiros a redución foi de 53,49%.

| Ano | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|--------------|--------|--------|--------|--------|---------|---------|
| Tipo Residuo | A.Q. | A.Q. | A.Q. | A.Q. | A.Q. | A.Q. |
| Kg. Anuais | 27,55 | 100 | 191,2 | 134,4 | 100 | 148,8 |
| Nº Servizos | 2929 | 3056 | 3075 | 3110 | 3323 | 3415 |
| Kg./servizo | 0,0094 | 0,0327 | 0,0621 | 0,0432 | 0,03009 | 0,04357 |

NOTA: A fonte dos datos son as facturas das xestións e valores estimados.

| Ano | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|--------------|--------|--------|--------|---------|--------|--------|
| Tipo Residuo | A.B. | A.B. | A.B. | AB | A.B. | A.B. |
| K Anuais | 8,4 | 25 | 47,8 | 33,6 | 80 | 37,2 |
| Nº Servizos | 2929 | 3056 | 3075 | 3110 | 3323 | 3415 |
| Kg./servizo | 0,0028 | 0,0081 | 0,0155 | 0,01080 | 0,0240 | 0,0109 |

Outro dos Obxectivo Ambientais é a redución de **residuos Envases Baleiros** concretándose na procura de substituír produtos, biocidas, líquidos que se distribúen en formato garrafa por produtos en formatos sólidos. Obtendo unha estimación o valor kg/mes estimamos un valor de kg/ano non é eficaz en si mesma, xa que os formatos sólidos tamén veñen en envases que deben ser tratados coma envases baleiros contaminados, no ano 2014 foron 128 Kg.

Os datos desde 2006 ata 2016 están nas Declaracións anuais anteriores.

No ano 2017 os residuos envases baleiros son 156 Kg da xestión do 23.06.17, para obter os datos anuais elaboro a media Kg/mes que é 156/6 meses obtendo o resultado de 26 Kg/mes e logo a aplico a un ano, así o resultado 312 Kg de envases baleiros no ano 2017.

No ano 2018 os residuos envases baleiros, son 115 Kg en total, dividilo entre o número de servizos prestados no ano 2018 de 3075 o resultado é 0,03739 Kg/servizo se comparamos este valor có obtido no ano 2017 de 0,05104 a redución é de 26,74% na xeración de residuos envases baleiros.


No ano 2019 os residuos envases baleiros, 87 Kg que dividido polo número de servizos 2019 dá un 0.0279 Kg/servizo que en comparación ao resultado do ano 2018 é unha redución do 25.38%.

No ano 2020 os residuos envases baleiros, empregando unha estimación son 70 Kg. dado que ao remate do ano 2020 aínda non se realizou a xestión (que dividido polo número de servizos 2020 dá un 0.02106 Kg/servizo que en comparación ao resultado do ano 2019 é unha redución do 24,52%. No total de residuos en comparación ao ano anterior a redución é de 1,96%.

No ano 2021, en Marzo 2021, realizase a xestión dos residuos perigosos envases baleiros de biocidas de 74 Kg segundo factura de Acteco en comparación.


| Ano | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|--------------|--------|---------|---------|--------|--------|--------|
| Tipo Residuo | E.B. | E.B. | E.B. | E.B. | E.B. | E.B. |
| Kg. Anuais | 142 | 156 | 115 | 87 | 70 | 74 |
| Nº Servizos | 2929 | 3056 | 3075 | 3110 | 3323 | 3415 |
| Kg./servizo | 0,0484 | 0,05104 | 0,03739 | 0,0279 | 0,0210 | 0,0216 |

Nota: O control ou a mellora establecerase na diminución ou mantemento.
 Fonte: facturas das empresas de xestión de residuos.



Na seguinte táboa pódese observar os datos por tipo e totais anuais da xeración de residuos perigosos expresados en Kg e en Tn.

| Ano | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|----------------|--------|--------|--------|-------|-------|-------|
| Tipo Residuo | A.Q. | A.Q. | A.Q. | A.Q. | A.Q. | A.Q. |
| Kg. Anuais | 27,55 | 100 | 191,2 | 134,4 | 100 | 148,8 |
| Tipo Residuo | A.B. | A.B. | A.B. | A.B. | A.B. | A.B. |
| Kg. Anuais | 8,4 | 25 | 47,8 | 33,6 | 80 | 37,2 |
| Tipo Residuo | E.B. | E.B. | E.B. | E.B. | E.B. | E.B. |
| Kg. Anuais | 142 | 156 | 115 | 87 | 70 | 74 |
| Kg Todos anual | 177,95 | 281 | 354 | 255 | 250 | 260 |
| Tn Todos anual | 0,1779 | 0,2810 | 0,3540 | 0,255 | 0,250 | 0,260 |



5.4.2. Residuos Urbanos

Os **residuos urbanos** xerados nas diferentes actividades da empresa: embalaxes dos produtos procedentes dos provedores (caixas de cartón, bolsas e envoltorios de plástico) e os residuos papel procedente de todos os Departamentos. Estes son residuos agrupados de xeito selectivo (Papel/ Cartón e Plásticos) e xestionados polo Concello, que realiza a recollida cun sistema de porta a porta grazas a un convenio da Asociación do Polígono Industrial de Agrela co Concello de A Coruña.

O **residuo papel/cartón** depositase nunha caixa tipo, unha vez chea xestiónase co sistema porta a porta, pesa ó redor dos 6,10 kg. cada vez que se entrega para a xestión anótase para poder obter os Kg do residuo papel/cartón anual. A contabilización do **residuo plástico** é similar a descrita para papel/cartón empregando un recipiente específico que cheo pesa 4,9 kg. aproximadamente. Esta contabilización do residuos papel/cartón iniciouse no 2009, os datos obtidos de 2009-2017 están recollidos nas Declaracións anteriores.

No ano 2018 a xeración de residuos papel/cartón foi de 48 Kg ó dividilos polo nº de servizos 3075 danos 0,0156 Kg de papel xerado por cada servizo anual que en comparación con 2017 é un incremento 12,41%.


No ano 2019 a xeración de residuos papel/cartón foi de 54,9 Kg dividido polo nº de servizos obtemos 14,37%, produto da organización do arquivo.

No ano 2020 a xeración de residuos papel/cartón foi de 52,55 Kg que dividido entre o nº de servizos ano obtemos unha redución dun 11,92%.

No ano 2021 a xeración xeración de residuos papel/cartón foi de 24,4 Kg que dividido entre o nº de servizos ano obtemos 0,00714 de papel consumido por servizo anual representando unha redución do 54,80%.

| Tipos de Residuos | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|----------------------|--------|--------|---------|---------|---------|
| Papel/ Cartón kg | 42,7 | 48 | 54,9 | 52,55 | 24,4 |
| Nº serv anuais | 3056 | 3075 | 3110 | 3323 | 3415 |
| Papel Cartón/nº serv | 0,0139 | 0,0156 | 0,01765 | 0,01581 | 0,00714 |

NOTA: Valores estimados co nº de servizos anuais.
Fonte dos datos que proveñen do cómputo de caixas xestionados.



O residuo plástico segrégase no almacén de Arumia unha vez cheo o seu contedor específico vai o contedor municipal de residuos plásticos o de tapa amarela. Pero tamén para conseguir un control operacional na xeración de residuo plástico, procedente dos envoltorios das compras, é dicir, non temos capacidade para reducir o seu consumo, o reutilizamos, para protexer pezas tratadas na cámara para entregar ós clientes.

Os datos anteriores ó ano 2017 está *recopilados* nas Declaracións anteriores.

No ano 2018 o número de servizos foi de 3056 e o total de plástico xestionado foi de 15,7 Kg. dando un resultado de 0,0051Kg de plástico por servizo.


No ano 2019 o número de servizos foi de 3110 e o total de plástico xestionado foi de 26,95 Kg dando un resultado de 0,0086 Kg de plástico por servizo, resultado da organización, limpeza e orde do almacén cun incremento do 68,63%.

No ano 2020 o número de servizos foi de 3323 e o total de plástico xestionado foi de 22,05 Kg que dividido entre o número de servizos obtemos unha redución do 22,85%.

No ano 2021 o número de servizos é de 3415 e o total de plástico xestionado foi de 19,6 Kg que dividido entre o número de servizos obtemos o valor 0,005739 Kg/servizo de plástico por cada servizo. En comparación co dato obtido de 0,006635 Kg/servizo do ano 2020 obtemos unha redución de 13,50%.

| Tipos de Residuos | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|----------------------|--------|--------|--------|----------|----------|
| Plástico | 14,7 | 15,7 | 26,95 | 22,05 | 19,6 |
| Nº serv anuais | 3056 | 3075 | 3110 | 3323 | 3415 |
| Kg Plástico/ nº serv | 0,0048 | 0,0051 | 0,0086 | 0,006635 | 0,005739 |

NOTA: Valores estimados co nº de servizos anuais.
 Fonte dos datos que proveñen do cómputo de caixas xestionados.



O residuo cartuchos baleiros de tinta das impresoras (inkjet- cartuchos- e tóner) xestiónase a través dunha empresa especializada e homologada. Deposítanse nun contedor reciclado que está no almacén de Arumia. O indicador para computar o residuo xerado son o consumo deste produto e os datos da xestión deste residuo.

